

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2024/9	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria: Ordinaria

Data: 27 de xuño de 2024

Duración: Dende as 21:00 até as 22:08 horas.

Lugar: SALÓN DE PLENOS

Presidida por: MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ

Secretaria: CLARA ORTEGA FERNANDEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	NON
78792417Y	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
44843850Z	CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
79327212M	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
78787194G	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	NON
79327861X	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
78793193T	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33277711T	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:

- ALBA QUINTELA VILARIÑO: «Viaxe»
- José Antonio Caamaño Lestón: «Viaxe»



Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores, celebradas os días 25 de abril, 4 de maio e 13 de maio do 2024.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Polo Sr. Alcalde sométense a aprobación a acta das sesións anteriores, celebradas o días 25 de abril, 4 de maio e 13 de maio do 2024. Non presentándose observación algunha ás mesmas, resultan aprobadas por unanimidade dos membros da Corporación.

Expediente 559/2024. Nomeamento de representantes municipais na Mancomunidad de Municipios Xalla-Tines-Tambre	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.
Providencia de Alcaldía	12/06/2024
Informe-Proposta de Secretaría	2024-0388
Ditame da Comisión Informativa	20/06/2024

A Comisión Informativa de Servizos, de conformidade co disposto no artigo 22.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local en relación co artigo 50.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, propón ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Acordar o nomeamento como vogais na Mancomunidad de Municipios Xallas-Tines-Tambre de:

- D. Manuel González-López, Alcalde-Presidente do Concello de Outes.
- D^a. Alba Quintela Vilariño, Concelleira de Obras e Servizos do Concello de Outes.
- D. Francisco Calo Abelleira, Concelleiro e Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Outes.

SEGUNDO. Comunicar este Acordo á Mancomunidad de Municipios do Xalla-Tines-



Tambre para o seu coñecemento e efectos.

Durante a quenda de intervencións, o Sr. Alcalde explica que o Concello participa dunha Mancomunidade de Municipios que xestionaba o matadoiro supracomarcal xunto con outros Concellos. Esta Mancomunidade leva moitos anos xa sen actividade efectiva, e nestos momentos cómpre proceder á súa disolución, para o que é preciso convocar unha assemblea, e, como paso previo, nomear os representantes do Concello de Outes en dita Mancomunidade, que pertencen tanto ó grupo de goberno como á oposición.

De seguido concédese o uso da palabra á Sra. Voceira suplente do Grupo Municipal do Partido Popular, D^a María Beatriz Molinos Vidal, quen se mostra a favor da proposta presentada, dada a necesidade de proceder ó nomeamento dos representantes da Corporación na Mancomunidade de Municipios.

Sometida a proposta a votación, a mesma resulta APROBADA.

Expediente 448/2024. Aprobación da Ordenanza municipal reguladora do uso das praias do Municipio de Outes	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 5, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.
Providencia de inicio	21/05/2024
Informe de Secretaría	2024-0311
Anuncio no Portal Web do Concello	21/05/2024
Certificado de Secretaría das Opinións Presentadas	2024-0400
Proxecto de Ordenanza	03/06/2024

Vista proposta de enmenda ó proxecto da Ordenanza presentado pola Concelleira de Turismo, D^a María Soledad Agra Tuñas, consonte ó disposto no artigo 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e realizada a tramitación legalmente establecida, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pola Comisión Informativa de Servizos propónse ao Pleno a adopción do seguinte,



ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora do uso das praias do Municipio de Outes nos termos en que figura no expediente, e coas modificacións introducidas pola enmenda presentada pola Concelleira de Turismo, D^a María Soledad Agra Tuñas.

SEGUNDO. Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de 30 días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

TERCEIRO. Facultar á Alcaldía para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

Durante a quenda de intervencións, o Sr. Alcalde introduce a proposta de ordenanza que regula o uso das praias do municipio, mencionando que a Concelleira de Turismo realizará unha presentación detallada. Sinala que tamén se debaterá unha emenda para corrixir o texto que se discutiu na comisión da semana anterior. Explica que se votará tanto a emenda como a ordenanza de forma conxunta, se os presentes están de acordo.

Concédese o uso da palabra á Concelleira do Grupo Municipal do BNG, D^a María Soledad Agra Tuñas, quen detalla a nova ordenanza que regula o uso das praias, explicando que o obxectivo é establecer un marco legal ante a ausencia dunha lexislación autonómica específica. A normativa inclúe regulacións sobre a presenza de cans, xogos, actividades, ruído, e o uso de vehículos nas praias.

Fai énfase en que a ordenanza delimita horarios específicos para a presenza de cans nas praias de maior afluencia, como Broña e Siavo, durante a tempada alta. Ademais, designa dúas praias como espazos preferentes para mascotas, onde os cans poden estar soltos, con excepción das razas perigosas, que deben cumprir normas adicionais.

Finalmente, presenta unha emenda para corrixir erros nos artigos 17 e 18, pasando a darlle lectura ó contido modificado dos mesmos:

“ARTIGO 17. RÉXIME APLICABLE A ANIMAIS DOMÉSTICOS.

1. *No caso de animais soltos que deambulen pola praia, serán responsables dos mesmos os seus propietarios. Enténdese por animal abandonado o que non vaia acompañado por persoa algunha.*



2. *Queda autorizada a presenza na praia de cans guía en compañía da persoa que sirvan, sen prexuízo da responsabilidade do seu posuidor e/ou propietario nin das medidas que o mesmo deba adoptar para evitar molestias ou risco para o resto dos usuarios.*

ARTIGO 18. PUNTOS DE BAÑO PARA CANS.

1. *Permítese a presenza de cans en toda a costa do Concello, agás na praia de Broña e de Siavo, nas que, en tempada de alta afluencia só se autoriza a presenza de cans soltos entre as 21:00 horas e as 11:00 horas do día seguinte, agás os cans de raza perigosa, que deben ir con correa de non máis de 2 metros e boceira. Aos efectos do disposto na presente Ordenanza, enténdese por:*
 - a) *Tempada de alta afluencia: do 1 de xuño a 15 de setembro e Semana Santa (de xoves a domingo).*
 - b) *Tempada de baixa afluencia o resto do ano.*
2. *Establécese como punto autorizado de baño para cans durante todo o ano coa categoría de Zona Canina a cala situada nas coordenadas xeográficas 42° 48'02.0" N - 8° 55' 36.9" W, que coinciden coa cala situada despois da praia de Broña cara Punta do Requeixo, denominada Bitureira e na praia de Siavo, das escaleiras cara a parte esquerda (ollando cara o Freixo), nas coordenadas xeográficas 42° 48'07.0"N 8° 56'23.3"W. Os cans de raza perigosa deben ir con correa de non máis de 2 metros, o resto poderán estar soltos dentro de esa área delimitada.*

Os donos dos animais teñen a obrigaón de recoller as deposicións que realicen e deixalas nos contedores, con independencia da praia e época do ano. En caso de non realizalo serán sancionados. Os donos dos animais serán os responsables do seu comportamento en todo momento. Deben velar por un comportamento respectuoso cos demais usuarios dos areais e deberá asumir os danos que poida ocasionar a terceiros ou no mobiliario público."

De seguido, concédese o uso da palabra a D^a María Beatriz Molinos Vidal, quen expresa que o seu Grupo ve positiva a iniciativa de regular o uso das praias, especialmente dado que a Xunta de Galicia non ten unha lexislación autonómica específica neste aspecto. Con todo, manifesta certas dúbidas sobre a capacidade do Concello para asegurar o cumprimento da normativa proposta, en particular en canto aos recursos dispoñibles para vixilar as praias e garantir que as normas sexan respectadas. Sinala que, aínda que a ordenanza busca mellorar a convivencia entre os usuarios das praias, queda por ver se será efectiva sen a implementación adecuada de mecanismos de control.

Facendo uso da súa quenda de réplica, intervén D^a María Soledad Agra Tuñas, que sinala que moitas veces o descoñecemento da norma é o que fai que a xenta a incumpla. Até o de agora non existía ningunha regulación municipal na materia, polo que agarda que coa aprobación da Ordenanza e a súa difusión, a veciñanza a respete. Se non é así, habendo unha ordenanza, pódese acudir tanto á Policía Local como á Garda Civil para garantir o seu cumprimento.



Finalizada a quenda de intervencións, sométese a proposta a votación coa enmenda presentada pola Concelleira de Turismo, D^a María Soledad Agra Tuñas, resultando APROBADA por 5 a favor (CO e BNG), e 6 abstencións (PP).

Expediente 104/2024. Declaración da Romaría de San Campio como Festa de interese turístico de Galicia.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Este municipio celebra a Romaría de San Campio na igrexa parroquial de Santo Ourense de Entíns. O arraigamento e o interese que esperta esta festa e o seu atractivo turístico fai conveniente a súa declaración como festa de interese turístico de Galicia.

Considerando que a declaración de festa de interese turístico de Galicia, regulada no DECRETO 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, outorgarase as festas ou acontecementos que reúnan os requisitos regulados no artigo 3, en función da súa antigüidade, singularidade, arraigamento, valor cultural, e continuidade no tempo.

Considerando que se redactou a correspondente memoria xustificativa esixida pola normativa. Considerando que corresponde ao Concello Pleno formular a correspondente solicitude ó Consello da Xunta de Galicia, a proposta da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

Visto o Informe de Secretaría de data 1 de abril de 2024, e vista a proposta de resolución PR/2024/63 de 12 de xuño de 2024, o Pleno da Corporación, a proposta da Comisión Informativa de Servizos, adopta o seguinte

ACORDO

ÚNICO. Solicitar a declaración da Romaría de San Campio como Festa de Interese Turístico de Galicia.

Durante a quenda de intervencións, polo Sr. Alcalde explícase brevemente o contido da proposta, e outorga o uso da palabra á Sra. Concelleira de Turismo.

D^a María Soledad Agra Tuñas explica os beneficios de declarar a Romaría de San Campio como Festa de Interese Turístico de Galicia, destacando que a festa cumpre cos criterios esixidos pola Xunta, como antigüidade, singularidade e valor cultural, e agarda que o resto dos membros da corporación estén dacordo con esta proposta.



De seguido concédese o uso da palabra a D^a María Beatriz Molinos Vidal, que sinala que o seu Grupo Municipal apoia a solicitude para declarar a Romería de San Campio como Festa de Interese Turístico de Galicia, considerando que pode ser unha boa oportunidade para o municipio. Non obstante, critica a xestión do goberno municipal en relación ás infraestruturas e a demora no pago das subvencións ás asociacións culturais e deportivas.

Fai mención a unha proposta rexeitada polo goberno en outubro de 2022 para construír un edificio polivalente en San Ourense, que, segundo o PP, tería mellorado a valoración da festa. Tamén subliña que o atraso no pago das subvencións afecta negativamente ás comisións de festas e á organización dos eventos no concello.

Na súa quenda de réplica, D^a María Soledad Agra Tuñas responde ás críticas do PP, aclarando que a construción dun centro social en San Ourense non influiría na valoración da festa por parte da Xunta, e argumenta que o goberno do PP comprou a parcela ao final do seu mandato sen un acordo claro coa veciñanza.

Defende que a normativa e os atrasos nas subvencións non afectan á organización da Romería de San Campio e que o concello segue comprometido coa celebración da festa, independentemente destas cuestións.

Na súa respectiva quenda de réplica, a Voceira Suplente do Grupo Municipal do Partido Popular considera que o gasto de "millóns" na construción dun centro social nun solar é unha esaxeración. Indica, ademais, que, aínda que hai veciños que, segundo se afirmou, non estarían de acordo coa construción, tamén existen moitos outros que si apoiarían a iniciativa.

Subliña que un dos criterios de valoración para a declaración de Festa de Interese Turístico é a existencia de infraestruturas, polo que, de estar realizada dita obra, esta sería valorada de maneira positiva. Finalmente, destaca que, se ben o atraso dun ano e medio no pagamento das subvencións non inflúe directamente na declaración da festa, si ten un impacto negativo nas comisións de festas que dependen destes fondos para a súa organización.

Finalizada a quenda de intervencións, pola Alcaldía sométese a proposta a votación, resultando aprobada pola UNANIMIDADE dos membros presentes.



Exp. 466/2024. Ampliación do límite para comprometer o gasto plurianual na anualidade 2025 na vinculación xurídica 1/7 derivado da aprobación do acordo/convenio de colaboración para a execución da obra “Conexión do paseo fluvial co centro urbano da Serra de Outes”.	
Discrepancia Resolta a favor do Órgano Xestor	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 5, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Visto o texto do acordo de colaboración cuxa aprobación se pretende e ten por obxecto a execución da actuación “Conexión do paseo fluvial co centro urbano da Serra de Outes” por parte da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas a través da Dirección Xeral de Urbanismo, como unha das obras recollidas dentro do Plan hURBE 2019-2025.

Visto que para dita actuación o concello debe achegar en concepto de transferencia á Xunta de Galicia unhas determinadas cantidades nas anualidades 2024 e 2025 e polo tanto trátase dun gasto de carácter plurianual, ao que lle resultan de aplicación os límites do artigo 174 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais.

Visto o informe de fiscalización previa á aprobación do acordo/convenio de colaboración polo Pleno, emitido no expediente 466/2024, segundo o cal incúmprese o límite cuantitativo para comprometer gastos para a anualidade 2025, xa que o límite na vinculación xurídica estaría en 0,00 € e o importe a comprometer sería de 19.727,12 €.

Tendo en conta o establecido no art. 174 TRLRFL, segundo o cal o Pleno da Corporación municipal pode incrementar ese límite aos compromisos de gasto de carácter plurianual, a Comisión Especial de Contas propón ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

ÚNICO. Incrementar ata 19.727,12 € o límite para comprometer o gasto plurianual na anualidade 2025 na vinculación xurídica 1/7 derivado da aprobación do acordo/convenio de colaboración para a execución da obra “Conexión do paseo fluvial co centro urbano da Serra de Outes” por parte da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas a través da Dirección Xeral de Urbanismo, como unha das obras recollidas dentro do Plan hURBE 2019-2025.

Na quenda de intervencións, o Sr. Alcalde quen explica a necesidade de incrementar o límite de gasto para acometer a obra de mellora da conexión do paseo fluvial co centro urbano da Serra de Outes, un proxecto en colaboración coa Xunta de Galicia. Menciona que o proxecto, financiado nun 70% pola Xunta e un 30% polo Concello de



Outes, e, por unha cuestión de normativa orzamentaria e contable, como se trata dun gasto plurianual, é necesario incrementar o límite de gasto plurianual nesta partida concreta, que non tiña previsto crédito inicial no Orzamento deste exercicio 2024.

Sometida a proposta a votación, ésta resulta APROBADA por 5 votos a favor (CO e BNG), 0 en contra e 6 abstencións (PP).

Expediente 466/2024. Aprobación da execución da actuación "Conexión do paseo fluvial co centro urbano da Serra de Outes" (PLAN HURBE 2019-2025)	
Desfavorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 5, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

PRIMEIRO. Dada a vontade deste Concello de subscribir o Acordo de Cooperación cuxa finalidade é a execución da actuación "Conexión do paseo fluvial co centro urbano da Serra de Outes" por parte da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas a través da Dirección Xeral de Urbanismo, como unha das obras recollidas dentro do Plan hURBE 2019-2025.

SEGUNDO. Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.
Providencia de Alcaldía	24/05/2024
Memoria Xustificativa	03/06/2024
Informe de Secretaría	2024-0316
Informe-Proposta de Resolución	2024-0368
Informe de fiscalización desfavorable	2024-0018
Informe de Discrepancia	17/06/2024
Ditame da Comisión Informativa	20/06/2024
Acordo de Pleno resolvendo discrepancia	27/06/2024

De conformidade co disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas, a Comisión de Servizos eleva ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o texto definitivo do Acordo de Cooperación suscrito entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e Concello de Outes para a realización de obras en materia de urbanismo".



SEGUNDO. Aprobar e dispor o gasto correspondente, consonte ó réxime de financiamento previsto na Cláusula Cuarta do Acordo de Cooperación.

TERCEIRO. Manifestar a aceptación á execución das Obras recollidas dentro do PLAN PLAN HURBE 2019-2025 consistentes en “Conexión do paseo fluvial co centro urbano na Serra de Outes”.

CUARTO. Manifestar o compromiso deste Concello de:

1. Poñer a disposición, libres de cargas e gravames, todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos, licencias e autorizacións legalmente exixidos para levalas a cabo, correndo cos custos que se xeren.
2. Asumir as obrigas económicas que deriven deste acordo de cooperación, a cuxo efecto certificará a inclusión de aqueles nos seus respectivos orzamentos.
3. Renunciar expresamente a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia.
4. Levar a cabo as actuacións consistentes na redacción dos documentos técnicos que definan as obras a executar. Prestarlle a aprobación aos indicados documentos nun prazo máximo de 15 días, contados dende a data de requirimento, así como á remisión de todos aqueles informes que resulten precisos para a licitación e contratación das obras.
5. Asumir, unha vez recibidas as obras e previa comunicación desta Dirección Xeral, a súa explotación, mantemento e conservación.
6. O Concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo dito Concello.
7. O Concello, como trámite previo á licitación das obras deberá acreditar a través da oportuna certificación xustificativa a efectiva dispoñibilidade dos terreos.

O Sr. Alcalde inicia a exposición do punto explicando que o proxecto ten como obxectivo mellorar a conexión entre o paseo fluvial, unha das zonas máis destacadas e frecuentadas tanto polos veciños como polos visitantes, e o núcleo urbano da Serra de Outes. Este proxecto forma parte dun acordo de colaboración co a Xunta de Galicia, dentro do Plan Hurbe 2019-2025, que busca promover actuacións que contribúan á humanización e mellora dos espazos urbanos nos municipios galegos.

A intervención consiste na construción dunha serie de infraestruturas que permitan unha mellor integración do paseo fluvial co centro urbano. Entre as actuacións previstas, destaca a creación dunha bancada e a mellora das escaleiras que conectan a zona do paseo coa Casa de Cultura, que na actualidade resultan pouco visibles e



accesibles. A nova bancada dará continuidade ao paseo, proporcionando unha conexión máis fluída e accesible coa área urbana, o que mellorará a experiencia tanto dos residentes como dos turistas que visitan o municipio.

O proxecto será financiado conxuntamente polo Concello de Outes e a Xunta de Galicia. A Xunta achegará o 70% do custo total da obra, mentres que o Concello cubrirá o 30% restante. O proxecto foi presentado á Xunta de Galicia e, tras un período de revisión, foi aprobado para o seu financiamento dentro do programa HURBE.

Destaca a importancia deste proxecto non só para a mellora da conectividade entre o paseo fluvial e o núcleo urbano, senón tamén para a revitalización e humanización dos espazos públicos do Concello, subliñando que a actuación permitirá que o paseo fluvial, un dos espazos máis emblemáticos do concello, sexa máis accesible e visible, reforzando así a súa función como punto de encontro e de goce para a cidadanía.

De seguido concédese o uso da palabra a D^a María Beatriz Molinos Vidal, quen sinala que, aínda que o seu grupo considera a actuación como positiva para o concello, manifesta a súa preocupación sobre se o proxecto cumprirá cos obxectivos previstos, e se as obras realizadas serán sostibles e efectivas a longo prazo.

Concédese o uso da palabra ó Voceiro do Grupo Municipal do BNG, D. Anxo Núñez Fernández, quen expresa o apoio do seu grupo á execución desta actuación. Considera que o proxecto é un paso importante para mellorar a conectividade dentro do municipio e que responde a unha demanda histórica da veciñanza para mellorar a accesibilidade e a integración do paseo fluvial co núcleo urbano.

Finaliza a quenda de intervencións o Sr. Alcalde, quen agradece o apoio do BNG a esta actuación. En resposta ás preocupacións do Partido Popular, o Sr. Alcalde reitera a importancia da actuación para o desenvolvemento do municipio e asegurou que o goberno municipal supervisará de cerca a execución da obra para garantir que se cumpra cos máis altos estándares de calidade e sustentabilidade.

Aclara que, aínda que existen moitas necesidades no concello, incluíndo no centro urbano, o programa Hurbe está especificamente deseñado para proxectos de humanización e mellora de espazos públicos. Destacou que, no marco deste plan, as necesidades básicas que se poden solicitar están cubertas.

Referíndose á actuación en cuestión, subliña que resolver o problema de continuidade e conexión do paseo fluvial, que actualmente remata literalmente nun muro, é unha



solución óptima. Explica que esta intervención non só mellorará a accesibilidade, senón que tamén contribuirá a facer da zona un lugar máis atractivo e fotoxénico, algo que é esencial para promover o concello como un destino turístico. Conclúe a súa intervención afirmando que o obxectivo é precisamente presumir dunha área mellorada que atraia visitantes, reforzando o papel do paseo fluvial como un dos principais activos do municipio.

Sometida a votación, a proposta **non resulta aprobada por non acadarse a maioría absoluta** que esixe o artigo 47.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Expediente 578/2024. Modificación de crédito na modalidade de transferencia de crédito 4/2024.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 5, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

En relación co expediente relativo á transferencia de crédito 4/2024, entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto, que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, dada a urxente necesidade da súa realización.

Vista a proposta de resolución PR/2024/66 de 17 de xuño de 2024, o Pleno da Corporación adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de modificación de créditos na modalidade de transferencia de créditos núm. 4/2024, entre aplicacións de distinta área de gasto, como segue a continuación:

Baixas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Créditos totais consignados	Transferencias de crédito	Créditos definitivos
Programa	Económica			
320	13000	20.625,96 €	-10.000,00 €	10.625,96€
321	13000	20.625,96€	-10.000,00€	10.625,96€
341	13100	66.551,53€	-10.00,00€	56.551,53€

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación	Créditos totais	Transferencias de	Créditos
-------------------	------------------------	--------------------------	-----------------



		consignados	crédito	definitivos
Programa	Económica			
160	21300	54.172,76 €	15.000,00 €	69.172,76€
160	21400	44.572,76 €	15.000,00€	59.572,76€
			30.000,00€	

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Durante a quenda de intervencións, o Sr. Alcalde expón que a proposta consiste nunha transferencia de crédito entre diferentes áreas de gasto, o que require a aprobación do pleno.

Polo Sr. Alcalde explícase que este punto consiste nunha transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto. Esta transferencia propoñía mover fondos sobrantes dunha partida orzamentaria a outra que presentaba un posible déficit, co fin de garantir o cumprimento dos compromisos de gasto do concello. Especificou que se trataba de transferir 30.000 euros desde a área de gasto 3 a gastos correntes na área de gasto 1.

Intervén de seguido D^a María Beatriz Molinos Vidal, quen cuestiona a xestión orzamentaria do goberno municipal, lembrando que, na aprobación do orzamento municipal de abril, o Sr. Alcalde indicara a necesidade de imputar facturas pendentes de anos anteriores. A voceira critica que, a pesar desa previsión, a execución dos gastos xa presenta numerosos déficits en varias partidas, o que obriga a realizar esta transferencia de crédito. Ademais, sinala que os fondos se están retirando de partidas de educación e fomento do deporte, áreas que, ao seu xuízo, xa presentan carencias, como a non cobertura de prazas de profesorado de apoio ou a falta de actividades deportivas.

Na súa quenda de réplica, o Sr. Alcalde responde á Sra. Molinos que o estado de execución que ela solicitou corresponde aos orzamentos prorrogados do 2022, polo que as cifras que está a facilitar non son comparables cos orzamentos que entraron en vigor con posterioridade, os cales son diferentes. En segundo lugar, sinala que é consciente de que hai partidas que, aínda que se inclúen dentro de bolsas de vinculación, por



cuestións determinadas, permiten imputar gasto a partidas sen crédito inicial, consumindo así crédito desa bolsa.

Explica que, á hora de confeccionar o Orzamento, tiveron en conta a necesidade de dotar todas as prazas contempladas na RPT (Relación de Postos de Traballo), independentemente de que estean cubertas ou non. Menciona que en 2019 había un importante número de prazas sen cubrir na RPT, e agora hai outras que están dispoñibles. Unha porcentaxe do gasto de persoal, ao redor dun 20%, é un gasto que xa se sabe que non se vai a executar, polo que é lóxico trasladar ese crédito a partidas nas que se vai a necesitar.

Como réplica final, D^a María Beatriz Molinos Vidal responde que é plenamente consciente de que o estado de execución ao que tivo acceso está baseado no orzamento anterior, prorrogado desde o ano 2022. Aclara que, nese orzamento, a partida afectada por esta transferencia de crédito tiña consignados 36.000 euros, e que había, polo menos, 55.000 euros en facturas de anos anteriores imputados nesa partida. A pesar diso, no novo orzamento só se consignaron 38.400 euros.

Como réplica final, o Sr. Alcalde reitera que o orzamento é un documento vivo que pode mudar para atender mellor os gastos e optimizar o uso dos recursos.

Sometida a proposta a votación, a mesma resulta APROBADA.

Mocións

Non se presentan mocións polos membros da Corporación.

Rogos e preguntas.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Outes, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, fai as seguintes PREGUNTAS ao Grupo de Goberno:

PREGUNTA (D^a María Beatriz Molinos Vidal): retómase unha pregunta formulada no pleno anterior sobre o proxecto de mellora do céspede do campo de fútbol, preguntando se se recortaron algunhas partidas respecto ao proxecto orixinal. Comenta que se os custos unitarios subiron e a suma total segue sendo a mesma, é posible que se reduciran as cantidades de traballo ou materiais incluídos inicialmente.



Ademais, pregunta se estes recortes poden afectar á calidade e se se considera que esta situación pode xerar custos adicionais imprevistos no futuro.

RESPOSTA (Sr. Alcalde): efectivamente, houbo unha serie de modificacións no proxecto, requiridas pola Deputación, antes de poder asinar o convenio. A última das modificacións refírese á necesidade de actualizar os prezos do proxecto. Para evitar problemas á hora de aprobar o convenio e que non se modificara o importe total, optouse, desde o punto de vista técnico, en reducir o número de metros da baranda perimetral do campo. Inicialmente previstos en máis metros, redúcese a 160 metros. Esta medida permitiu actualizar os prezos, que estaban fora de mercado, mantendo ao mesmo tempo a contía do proxecto.

RÉPLICA (D^a María Beatriz Molinos Vidal): critica a xestión do proxecto, mencionando que xa houbo dous modificados para facer recortes e que estas modificacións poderían derivar en custos adicionais e problemas estruturais no futuro. Tamén acusa ao goberno municipal de perder unha subvención de 50.000 euros da Xunta de Galicia por non ter feito unha previsión adecuada.

RÉPLICA (Sr. Alcalde): os dous modificados foron resultado de requerimentos da Deputación e que, en ocasións, as administracións superiores poden pedir cambios que non estaban previstos inicialmente. Explica que non é imputable ao Concello a tardanza, xa que dependen dos prazos marcados pola Deputación. Finalmente, o Sr. Alcalde expresa a súa satisfacción por que, despois de moitos anos, o céspede do campo de fútbol no Conchido finalmente será substituído.

2ª PREGUNTA (D. Francisco Calo Abelleira): No pleno ordinario do mes de febrero do 2.021 fíxoselle, unha pregunta ó goberno, sobre a retirada da protección dos contenedores, da estrada AC-196, ao seu paso por Pontenafonso.

Contestáronnos que foi retirada debido a que non pediran o correspondente permiso para a súa instalación á AXI e que estaban estudando outra localización para instalala de novo.

No pleno do mes de xuño do 2.021, como non nos constaba que lle deran solución ao asunto, volvemos a preguntar.

Ante a nosa pregunta o alcalde, Sr González, respondeu que aínda estaban vendo que decisión tomar, xa que non queremos poñelos nun lugar, que ao mellor máis adiante habería que facer obras, polo tanto, estamos niso e agardamos decidir pronto onde se sitúan.

A día de hoxe, a nosa pregunta é a seguinte: ¿Acabaron de estudar o tema e levouse a cabo a reposición da protección? De ser así, ¿onde se colocou?



Tampouco vemos que estean colocados tódolos valados que se adquiriron co financiamento do fondo de compensación ambiental do ano 2.021, dos que o Sr alcalde dixo que serían colocados en 5 ubicacións, pero non vemos nin os de Santo Ourente (na zona do Brenzo), nin o do entorno da igrexa de Outes.

¿Cal é a situación dos valados que o señor Alcalde dixo que se ían colocar na parroquia de San Orente e de Outes?

RESPOSTA (Sr. Alcalde): O alcalde explica que non pode proporcionar unha resposta detallada xa que este tema é responsabilidade da Concelleira de Vías e Obras, que non está presente no pleno. Indica que, en canto á cubrición dos balados en Pontenafonso, non se poden colocar no sitio onde estaban por non ter permiso de Estradas de Galicia. Promete que a resposta se detallará no próximo pleno.

3ª PREGUNTA (D. Francisco Calo Abelleira): No pasado pleno ordinario do mes de abril, preguntóuselle ao goberno, polas labores de bacheo, ao que nos contestaron que se estaban levando a cabo, e que se seguirían facendo nos vindeiros meses. Os viais de competencia municipal seguen necesitando melloras porque se atopan nun estado lamentable, polo que queremos facerlle a seguinte pregunta:

Que previsións teñen para de levar a cabo as labores de bacheo nas estradas municipais?

RESPOSTA (Sr. Alcalde): aínda que non todas as estradas municipais están en mal estado, é consciente de que hai zonas que necesitan intervención. Informa que o bacheo comezou recentemente nas Agras do Tins e que estas labores se completarán nos próximos días. Ademais, indica que está previsto realizar un bacheo máis selectivo en todo o concello durante o mes de xuño, continuando coas actuacións que xa se realizaron en maio por parte da brigada municipal.

Explica que, grazas á contratación de cinco persoas a través do PEL, agora dispoñen de máis persoal para estas tarefas.

RÉPLICA (D. Francisco Calo Abelleira): sinala que no anterior bacheo observaron que se utilizou material bituminoso nas estradas, pero que agora se está utilizando un sistema de dobre tratamento (DTS) con maior rigor. Pregunta se este sistema se manterá ou se se volverá ao método anterior.

RÉPLICA (Sr. Alcalde): O alcalde explica que o sistema de selado con dobre rego é máis efectivo pero tamén moito máis custoso. Ademais, a brigada municipal non dispón dos medios necesarios para levar a cabo este tipo de selado, polo que, probablemente, se continúe empregando aglomerado en frío ou quente, dependendo do tipo de bache e a



súa profundidade.

Finalmente, por D^a María Beatriz Molinos Vidal formúlase seguinte **ROGO**, pedindo que o alcalde aclare os rumores sobre a súa continuidade no cargo, debido a especulacións que circulan na comunidade e nas redes sociais.

Polo Sr. Alcalde respóndese que atender a rumores nun pleno non é apropiado. Sinala que os rumores son simplemente iso, rumores, e que cando haxa algo firme que comunicar, se fará de forma oficial. Conclúe dicindo que, de momento, o tema non é tratable.

E, non habendo mais asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 22:08 horas, de todo o cal, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

